



PROGRAMA

**16-16.30h. Embarque dende
Cesantes**

17h. Paseo libre pola illa

**18h. Acto institucional na
illa de Santo Antón**

**20:30-21h. Embarque de
volta**



Mulleres remando cara á illa de San Simón.
Fotografía cedida pola familia de Teresa Justo Otero.

ANO DAS MULLERES DA ILLA DE SAN SIMÓN

O Concello de Redondela aprobou por unanimidade, no Pleno celebrado o 27 de febreiro de 2020, declarar o Ano das Mulleres de San Simón.

A pandemia retrasou a 2021 a homenaxe a este colectivo que son un monumento de solidariedade e unha referencia ética para nós.

As chamadas "madríñas" axudaron aos presos políticos retidos na illa de San Simón. Un xesto valente cando nos situamos no contexto da guerra e represión franquista.

As mulleres foron un soporte fundamental para os presos e para as súas familias. Lavaron roupa, levaron comida, fixeron de correo, acolleron familiares, ofreceron abrigos e mantas...

Estas vivencias foron silenciadas durante anos. Hoxe ímolas recuperando pois son memoria de Redondela e unha mostra universal de axuda e solidariedade.

HISTORIA

A illa converteuse nun campo de concentración entre 1936 e 1943. Arredor de 6.000 homes estiveron aquí presos por causas políticas. Algúns deles morreron por doenzas curables ou foron sacados a terra para logo seren fusilados.

En 1938 o buque Upo Mendi fondeou preto da Portela. Convertérase nun presidio boiante. Máis de medio milleiro de presos viviron neste barco en condicións penosas.

Nunha época en que a vida pendía dun fío, en que cada palabra ou acto a prol dos presos supoñía un risco persoal e familiar, as mulleres solidarias de Redondela antepuxeron o corazón humano e a xustiza social ao terror e ás represalias.

Esta verdadeira heroicidade recibiu en 1995 unha homenaxe a cargo da asociación Xanela. Agora o Concello de Redondela súmase ao recoñecemento. Que o pobo de Redondela non esqueza endexamais.



Foto cedida pola familia de Peregrina López Ochoa